



Ilmo Concello de
CAMBADOS

Participolle que, con data 27.05.2016, a Sra. Alcaldesa dictou a seguinte:

“DECRETO.= En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais preceptos concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) e de conformidade co disposto nos artigos 26 do Regulamento Orgánico Municipal e 78.2 do ROF polo presente veño en convocar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación que se celebrará no Salón de Sesións da Casa Consistorial o próximo día **31 DE MAIO DE 2.016 ás 21:00 horas** en primeira convocatoria, e, no caso de non existir quórum necesario, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora, para debatir os asuntos relacionados no seguinte:

ORDE DO DÍA

I) PARTE RESOLUTIVA

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 31.03.2016 E 28.04.2016.-

2.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.-

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO 2016/2017.-

4.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA ORDENANZA REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS NO CONCELLO DE CAMBADOS.-

5.- DESAFECTACIÓN DE TERREOS E VIVENDAS ANEXAS AO C.E.I.P. “ANTONIO MAGARIÑOS”

6.- DESAFECTACIÓN DO ÁMBITO PORTUARIO E ORDEACIÓN DO SISTEMA DE CIRCULACIÓN NO FRONTE MARÍTIMO DO CONXUNTO HISTÓRICO DE CAMBADOS.-

7.- ADHESIÓN, SE PROCEDE, DO CONCELLO DE CAMBADOS, AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E AS ENTIDADES XESTORAS DOS SISTEMAS INTEGRADOS DE XESTIÓN (SIX) DE RESÍDUOS DE PILAS E ACUMULADORES.-

8.- ADHESIÓN, SE PROCEDE, DO CONCELLO DE CAMBADOS, AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS DE GALICIA E AS ENTIDADES XESTORAS DOS SISTEMAS INTEGRADOS DE XESTIÓN (SIX) DE RESÍDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS (RAEE)

II) PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO.

9.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA ESIXIR Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA APOIO ECONÓMICO PARA A ASOCIACIÓN ESPERANZA-SALNÉS.-

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO DO GRUPO DE GOBERNO SOLICITANDO AXUDA Á XUNTA DE GALICIA PARA ESPERANZA-SALNÉS E AS DEMÁIS ASOCIACIÓNS QUE ATENDEN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE.-

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO DO GRUPO DE GOBERNO EN RELACIÓN CO APARCADOIRO PRIVADO DO HOSPITAL DO SALNÉS.-



Ilmo Concello de
CAMBADOS

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO DO GRUPO DE GOBERNO PARA ADHESIÓN Ó PROGRAMA DE VIVENDAS VALEIRAS DO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO.

13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO DO GRUPO DE GOBERNO SOBRE A CONSTRUCCIÓN DE INVERNADOIROS EN SOLO RÚSTICO A RAIZ DA ENTRADA EN VIGOR DA NOVA LEI DO SOLO DE GALICIA 2/2016, DE 10 DE FEBREIRO.-

14.- DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO DO PRIMEIRO TRIMESTRE/2016.-

15.- DAR CONTA DO INFORME DE TESOURERÍA DE MOROSIDADE DO PRIMEIRO TRIMESTRE/2016.-

16.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

17.-ROGOS E PREGUNTAS.

Da presente convocatoria e da orde do día darase a debida notificación a todos os membros da Corporación, con acompañamento do borrador da acta da sesión anterior, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos e comunicándose aos medios de comunicación.”

En Cambados, a 27 de maio de 2016

O Secretario Xeral



Asocio Francisco J. Oubiña Lodeiro